
GOLPE DE LEME
HUGO CHÁVEZ
EDITORA CONTRAPODER

GOLPE DE LEME
Hugo Chávez

Título original: *Golpe de Timón*
Autor: Hugo Rafael Chávez Frías.
Colección Documentos

Tradución para o Galego: Óscar Valadares / Xavier V. Freire.
Edición: Óscar Valadares - Editora Contrapoder

Primeira edición: febreiro de 2014

Editora Contrapoder
www.contrapoder.info

Mar de Lumes - Comité Galego de Solidariedade Internacionalista
www.mardelumes.org

Deseño e maquetación: Editora Contrapoder

Editado na Galiza

Esta obra foi formatada, revisada e traducida para o Galego pola Editora Contrapoder. Non posúe direitos autorais. Pode e debe ser reproducida no todo ou en parte, alén de ser liberada a súa distribución, preservando o seu conteúdo e o nome do autor.

PRELIMINAR DA EDICIÓN GALEGA

Con motivo do primeiro aniversario da morte do Presidente Comandante Hugo Rafael Chávez Frías, Contrapoder.info e Mar de Lumes - Comité Galego de Solidariedade Internacionalista editan o texto coñecido como «Golpe de Leme», que corresponde coas intervencións de Chávez no primeiro Consello dos Ministros após a vitoria eleitoral bolivariana de 7 de outubro de 2012.

O presente texto é unha versión para o Galego da transcrición en Español publicada pola Imprenta Nacional da República Bolivariana da Venezuela e difundida por Aporrea.org e Correo del Orinoco, con apoio do Goberno Bolivariano da Venezuela. Inclúe, aínda, a presentación da referida edición.

Orgullámonos en apresentar a primeira tradución para o Galego dun texto fundamental para o debate sobre os últimos anos do proceso bolivariano e sobre os desafíos que terá que enfrontar a integración continental, a defensa da soberanía da Venezuela e de cada un dos pobos que conforman a América do Sul.





APRESENTACIÓN (DA EDICIÓN VENEZUELANA)

En 7 de outubro de 2012, após ser coñecida a vitoria do candidato da patria con 56% do voto, o presidente Hugo Chávez Frías anunciou desde o balcón do pobo que un novo ciclo comezaba no mesmo 8 de outubro.

Poucos días despois, en 20 de outubro, foi celebrado o primeiro Consello dos Ministros dese novo ciclo, no cal o comandante fixo un chamado á crítica e á autocrítica, a multiplicar a eficiencia, a fortalecer o poder comunal e a desenvolver o Sistema Nacional de Medios Públicos, entre outros temas da construción do socialismo.

Este documento sintetiza as súas palabras, como instrumento para o debate en que todos debemos participar.

Palacio de Miraflores,
Caracas, 20 de outubro de 2012

O NOVO CICLO DA TRANSICIÓN

Estamos a conversar sobre todo o tema económico, revisando papeis, documentos, planos, proxectos, o peche do vello ciclo e a abertura do novo ciclo após a vitoria bolivariana de 7 de outubro pasado, que abriu o horizonte político e, aliás, após a vitoria popular, a vitoria bolivariana, que garante a estabilidade do país.

Estaba a ler por aí que os bonos venezolanos se dispararon. O mundo sabe que PDVSA[1] aparece agora como a segunda empresa dentro das cincocentas maiores da América Latina, unha das grandes do mundo, sólida, e a Venezuela continúa a ocupar o lugar que lle corresponde. E isto só é posíbel e continuará a ser posíbel por este rumbo, por estes horizontes, por estes vieiros, por estes camiños da construción do socialismo.

Teño aquí o libro de István Mészáros[2], o capítulo XIX, que se titula «O sistema comunal e a lei do valor». Hai unha frase que hai tempo subliñei, e vou lela para vostedes, señores ministros, ministras, vicepresidente, falando da economía, do desenvolvemento económico, falando do impulso social da revolución: «O padrón de medición — di Mészáros — dos logros socialistas é até que grao as medidas e as políticas adoptadas contribúen activamente para a constitución e consolidación ben enraizada dun modo substancialmente democrático, de control social e autoxestión xeral».

Entón, estamos a falar do tema da democracia, do socialismo e da súa esencia absolutamente democrática, mentres o capitalismo ten na súa esencia o antidemocrático, o excludente, a imposición do capital e das elites capitalistas. O socialismo non. O socialismo libera. O socialismo é

1 Petróleos de Venezuela, S.A. - é a empresa estatal pública de explotación e exportación de petróleos da Venezuela. N. dos T.

2 István Mészáros, 2001: *Más allá del capital*, Caracas, Hermanos Vadell. N. do E.

democracia e a democracia é socialismo no político, no social e no económico.

Tamén o di Giordani, no seu libro *A transición venezolana para o socialismo*[3], do noso amado ministro e amigo e mestre Jorge Giordani. Cando fala Jorge aí duns factores que son determinantes na transición: un deles é a transformación da base económica do país para a tornar esencial e substancialmente democrática, porque a base económica dun país capitalista non é democrática. É antidemocrática. É excludente. E, de aí, a xeración de grandes riquezas para unha minoría, para unha elite, a grande burguesia, os grandes monopolios. E, de aí tamén, a xeración da pobreza e da miseria para as grandes maiorías. O problema é económico: non se pode desligar o social do económico. Sempre poño o exemplo da auga: H2O, hidróxeno e oxíxeno, o económico e o social.

Eis o libro: A transición venezolana para o socialismo, condicións que orientan o tránsito, isto é, a transición. «Cando se trata da revolución ou transformación produtiva — di Giordani — no que di respeito da transformación produtiva ligada ao modelo de acumulación, ela estaría definida por cinco aspectos: 1) a modificación da base produtiva do país, procurando unha maior democratización do poder económico; 2) a mudanza no papel do Estado, para facer con que o proceso acumulativo sexa orientado á satisfacción das necesidades básicas da maioría da poboación e á defensa da soberanía; 3) a incorporación de mecanismos de autoxestión produtiva no plano colectivo; 4) a utilización da planificación democrática como mecanismo regulador das relacións produtivas; e 5) a disposición autónoma do país, fronte á internacionalización do sistema capitalista.

Son elementos que axudan a orientar o tránsito e diso é que estamos a falar hoxe, sobre a economía e sobre o modo como agora, co novo ciclo que se abre, debemos ser máis eficientes no tránsito, na construción do novo modelo político, económico, social e cultural: a revolución.

Este esforzo que temos feito e estamos a facer, que é grande e que debe aínda ser moi maior, é iso que di o Jorge: modificar a base produtiva do país, de forma a nos asegurarmos unha democracia económica. Por

3 Jorge Giordani, 2001: *La transición venezolana al socialismo*, Caracas, Hermanos Vadell. N. do E.

exemplo, aquí, na Base Miranda, en La Carlota, ten vindo a nacer un polo de desenvolvemento científico-tecnolóxico, e esa é unha das liñas estratéxicas do tema que estamos a falar: a ciencia e a tecnoloxía, a independencia, todo está relacionado. Lembremos os cinco grandes obxectivos históricos do Programa da Patria que agora imos comezar a aplicar.

Trátase dos pasos que estivemos a dar, por iso falamos en tránsito, transición, etapa. Nada disto existía na Venezuela, e nada disto existiría na Venezuela de gobernar, de se impor o capitalismo, que nos iría converter, novamente, na colonia que eramos. Por iso a revolución política é previa á económica. Sempre ten que ser así. Primeiro revolución política, liberación política, e despois a revolución económica. É preciso mantermos a liberación política, e, por tanto, a batalla política, a batalla cultural, a batalla social teñen que ser permanentes.

A DEMOCRACIA SOCIALISTA DO SÉCULO XXI

Estamos a tratar puntos chave deste proxecto. Se non os entendermos ben e non os asumirmos ben, poderemos estar a facer cousas boas, mais non exactamente o necesario para irmos deixando para tras de maneira progresiva e firme o modo de explotación capitalista, e irmos creando un novo modelo: o socialismo venezolano, bolivariano, do século XXI. O novo ciclo da transición, a construción do socialismo, do noso modelo.

O que debemos é territorializar os modelos. Imaxino, por exemplo, un sector de Sarría, a rúa Real de Sarría, o edificio e a padaria, o PDVAL[4] e a Farmapatria[5] son elementos novos, como se fosen enxertos. Agora, compañeiros, compañeiras, camaradas, se eses elementos non fixesen parte dun plano sistemático, de criazón do novo, como unha rede en que isto sería A e aquilo sería B, isto sería C, D, E, etc., unha rede que fose como

4 Produtora y Distribuidora Venezolana de Alimentos, é unha empresa pública criada polo goberno bolivariano da Venezuela e por PDVSA para a distribución de produtos de alimentación con prezos regulados polo goberno. N. dos T.

5 Farmapatria é unha rede de farmacias populares criada polo goberno bolivariano. N. dos T.




Rapport

unha xigantesca arañeira a cubrir o territorio co novo; se non fose así, entón estaría condenado ao fracaso. Sería absorbido polo sistema vello, engolido por unha xigantesca ameba, polo monstro do capitalismo.

Isto non o digo para nos sentirmos amolecidos, acovardados; ben ao contrario, é para termos máis forzas perante a complexidade do desafío. Lembremos a Unión Soviética, que se foi co vento. Na Unión Soviética nunca houbo democracia, non houbo socialismo, e iso derivou sen que os líderes o notasen — ou, se o notaron, non foron capaces doutra cousa — e co imperio aquel a bater, a culpa non foi só da Unión Soviética: a culpa tamén foi de todas as agresións externas, das sabotaxes económicas, das guerras biolóxicas, bacteriolóxicas, dos bombardeamentos e das explosións na industria petroleira soviética, e aínda tamén das contradicións, das divisións, da cultura.

Por iso o socialismo do século XXI que aquí ten resurxido como se viñese de entre os mortos é algo novidoso. Ten que ser certamente novo, e unha das cousas esencialmente novas no noso modelo é o seu carácter democrático, unha nova hexemonía democrática, que nos obriga a nós a non impormos, mais a convencermos. De aí o que estivemos a falar do tema mediático, do tema comunicacional, do tema dos argumentos, do tema de que estas cousas sexan claras, de que o que estamos a falar hoxe, por exemplo, sexa entendido polo país inteiro, e de como o conseguirmos, de como o facermos: a mudanza cultural. Todo isto ten que ir callar no plano cultural, que é vital para o proceso revolucionario, para a construción da nova democracia socialista do século XXI na Venezuela.

AUTOCRÍTICA PARA RECTIFICAR

Agora, a autocrítica. En varias ocasións teño insistido nisto. Eu leo e leo, e isto e aquilo está ben bonito e ben feito, non teño dúbida. Mais onde é que está a comuna? É que a comuna é un asunto só do Ministerio das Comunas? Teño pensado nisto varias veces: vou ter que eliminar o Ministerio das Comunas. Por que? Porque moitas persoas cren que ese ministerio é o único responsábel polas comunas.

Eis un gravísimo erro que estamos a cometer. Non continuemos. Re-

visemos. Asinei un decreto creando algo así como o ente superior das comunas. Onde é que está? Non ten funcionado. Nicolás[6], encoméndoche isto como che encomendaría a miña vida: as comunas, o estado social de dereito e de xustiza. Hai unha Lei das Comunas, de economía comunal. Entón, como poderiamos nós estar a facer outra cousa? Preguntei o mesmo en Ciudad Caribia: onde é que está a comuna — non a comuna: as comunas? Onde é que imos criar as comunas, as novas? Alí en Ciudad Belén continuamos a entregar vivendas, mais as comunas non aparecen por ningures, nen o espírito da comuna, que é moito máis importante neste momento do que a propia comuna: a cultura comunal. Explícome? Ou será que hei de continuar a clamar no deserto con cousas como esta? Todos aquí temos a ver con isto, todos, inclusive eu propio, a Presidencia da República. Aquí á volta de Miraflores xa debería existir unha comuna. Todos e todas temos a ver con isto; é parte da alma deste proxecto.

A autocrítica é para rectificarmos, non para continuarmos a facela no baleiro, ou para continuarmos a deitala ao baleiro. É para actuarmos xa, señores ministros, señoras ministras! As comunas! Ordenen que lles entreguen a Lei das Comunas, e léana, estúdena. Moitas persoas, teño a certeza — non falo de vostedes, mais de alén — nen a teñen lido, porque cremos que non ten nada a ver connosco. Moita xente non leu a Lei da Economía Comunal, porque cremos que o noso é outra cousa, que iso non é connosco.

Se alguén preguntar: cales son as que chaman comunas en construción? Teño a certeza de que na maioría deses grandes ou medianos ou pequenos proxectos que estamos a adiantar, das vivendas, das cidades novas, dos polos científicos ou dos polos de desenvolvemento agrícola, como alí na chaira de Maracaibo, alí no municipio de Mara, ou alí polo estado de Sucre, onde está a gran fábrica procesadora de sardiña que hai pouco inauguramos, até ás empresas de vidro que expropriamos, a Faja del Orinoco, non existen as comunas. Onde é que as imos procurar? Na Lúa? Ou en Xúpiter?

Permítanme ser o máis duro que poida, que deba ser, nesta nova autocrítica sobre este tema, compañeiros e compañeiras. Rafael Ramírez, por

6 Nicolás Maduro, que na altura acababa de ser nomeado vice-presidente da República, hoxe presidente eleito da República. N. dos T.

exemplo, xa debería ter alí na Faja del Orinoco por volta de vinte comunas, conxuntamente con PDVSA — mais PDVSA pensa que iso non ten a ver con eles. O problema é cultural, compañeiros. E digo PDVSA con todo o recoñecemento para esa gran industria.

As comunas! Unha vez até mandei facer nen sei cantas copias. Carmen Meléndez, quero facer outra vez trinta copias. Vou dar unha para cada ministro e para cada ministra dun libriño vermello dos tempos de Mao Tse Tung sobre as comunas. Porque penso que ninguén o leu, porque non recibín nin sequera unha folliña cun comentario sobre o libro.

A autocrítica: independencia ou nada, comuna ou nada. Ou entón que estamos a facer aquí? Aí ten que estar a Misión Cultura, concentración de fogo, como na artillaría. As micromisións: o espírito das micromisións é a concentración do fogo. Díganme cantos ministros — vostedes, queridos compañeiros — foron durmir nun bairro durante tres días. Díganme quen. Eu non podo dar exemplo: canto querería facelo, mais non podo. Pido desculpas, mais non podo. Mais vostedes si poden ir alí, para o Caño Cuibarro a veren como está o proxecto dos indios cuíba e ficaren alí tres días, ou mergullarense en Sarría. Un ministro, un viceministro debe estar alí, transitar, viver alí uns días ou ir casa por casa — que isto non sexa só durante as campañas eleitorais — cantiño por cantiño. Non viron o bombardeo de papeis que choven no camión en que eu me desprazo? Agora xa os lanzan con pedras para que cheguen, ou cunha frecha. Unha vez había unha frecha cun papel cravado: «Chávez, axúdame».

A comuna, o poder popular: non é de Miraflores nen da sé deste ou daquel ministerio que imos solucionar os problemas. Non pensemos que por irmos inaugurar a fábrica de Cemento Cerro Azul ou a fábrica de fábricas en Guanare, ou a fábrica de computadoras, ou a fábrica de satélites, ou a fábrica esta ou aquela xa estamos prontos. Non! Nin porque nacionalicemos cementos...

Coidado! Se non notarmos isto, estamos liquidados. E non só estariamos liquidados. Nós é que seriamos os liquidadores deste proxecto. Temos unha grande responsabilidade perante a historia as persoas que aquí estamos. Óllense para as caras, para os ollos, cada vez que foren ao baño ou alí onde houber un espello. Eu o primeiro!

O SOCIALISMO NON SE DECRETA

As fábricas construídas con fins capitalistas levan as marcas indelébeis do seu «sistema operativo»: a división social hierárquica do traballo en conxunción coa cal foron construídas. Un sistema produtivo que quixer activar a participación plena dos produtores asociados, dos traballadores, exixe unha multiplicidade de procesadores «paralelos», coordinados de maneira adecuada, e tamén un correspondente «sistema operativo» que sexa radicalmente distinto da alternativa operada de maneira central, quer a da economía dirixida capitalista, quer a das súas coñecidas variedades pos-capitalistas, apresentadas enganosamente como «planificación».

Cantas horas é que dedicamos nós ao estudo, cada día, á leitura, á reflexión? É necesario dedicarmos — diría eu — varias horas por día, acima de todos os nosos compromisos, porque estamos a falar dos elementos vitais deste proxecto. Ás veces pensamos que todo debe ser controlado de Caracas. Non! Trátase de crear, como di Mészáros, un conxunto de sistemas paralelos coordinados. De aí a rexionalización, os distritos motores. Mais non temos criado nen un só aínda. Temos a lei e decretamos un, mais apenas o decretamos e xa. E, dentro dos distritos, as comunas.

Ás veces podemos caer na ilusión de que é só denominar. Eu son inimigo de lle chamar a todo «socialista»: estadio socialista, avenida socialista? Mais o que é iso de avenida socialista? Iso xa é suspeitoso! Alí alguén quería chamar unha avenida de «socialista»: padaría socialista, Miraflores socialista. Iso é suspeitoso, porque é posíbel alguén pensar que con iso xa está: «xa cumprín, xa lle chamei socialista, pronto; mudeille o nome e xa está pronto».

Iso é como a anedota aquela da capivara[7] e dos indios: chegou un padre español — hai moitos anos — na semana santa, percorrendo os campos indios nas chairas, e ao chegar a unha aldea indíxena ve os indios a danzaren — eles teñen as súas formas de festexar, os seus deuses, os seus códigos, a súa gastronomía. Entón o padre di: «non podemos comer porco en semana santa. Na quinta santa teñen que comer peixe ou capivara. Había

7 Mamífero roedor propio da América do Sul. N. dos T.

alí un porco gordo que intuiu o que estaba a acontecer. E preguntoulles: «entenderon?». «Entendemos». Despois, antes de marchar, o padre leva os indíxenas para o río e pregúntalles: «Cal é o seu nome?» Unha india di o seu nome: Caribay. «Non, non, como así Caribay?! Vostede vaise chamar Juana. Nomes cristiáns, iso é o que hai que pór á xente». O mesmo con outro indio. «Cal é o seu nome?». «Guaicaipuro». «Nen Guaicaipuro nen nada! Vostede vaise chamar Nicolás». Foi e regresou na quinta santa e viu que os indíxenas estaban novamente a danzaren e a asaren o porco. «Como é posíbel que vaian comer ese porco? Díxenlles que non podían comer porco!». Entón, o cacique respondeu: «solucionamos o problema: pegamos o porco e chamámolo capivara». E comeron o porco.

É así que nós estamos co socialismo: «ti es socialismo, ouviches?», mais, no fin das contas, continúas a ser porco. Fago estes comentarios como produto de reflexións, algúns estudos e comparando coa realidade.

ENXERTAR A PROPRIEDADE SOCIAL, O ESPÍRITO SOCIALISTA

Vexan esta vista. Velaí a fábrica Mene Grande. Aquí cabe outra fábrica. Haberá que ver, por exemplo, o que produce esta terra aquí á beira co Satélite Miranda: isto parece ocioso, monte e serpe. Cada fábrica que instalemos debería ter o mesmo día da inauguración produción propia — de goiaba, por exemplo, neste caso. Entenderon? A fábrica xa debería ter terreos hoxe improdutivos que, con certeza, son terreos nacionais: mil hectáreas de propiedade social a conviveren coa pequena propiedade.

É preciso nos asociarmos cos pequenos produtores, mais debemos enxertar a propiedade social, o espírito socialista, ao longo de toda a cadea, do traballo da terra até ao sistema de distribución e consumo dos produtos que saen de aí.

Fixemos todo iso por causa da transición, mais non debemos esquecer, compañeiros e compañeiras, a parte medular deste proxecto: non debemos continuar inaugurando fábricas que sexan como unha illa, rodeadas polo mar do capitalismo, porque serán engolidas por ese mar.

O mesmo acontece coa vivenda. Onde están as zonas produtivas de Ciudad Caribia? Xa temos entregado bastantes casas aí, mais a zona in-

dustrial non está. E lembro falar diso hai anos, cando comezamos aí e fomos e camiñamos por aquel lugar: alí está El Junquito, alí está o mar, meu Deus, aquí o frío da noite é óptimo para o turismo, para facermos unhas pousadas, que xa deberían estar feitas.

Dicía Simón Bolívar: «non nos vai chegar o que queremos para prodixios divinos». Xa debería haber aí un sistema de pousadas e restaurantes con vista para o mar. Hai alí unha montaña máxica que eu chamo a muralla: é o Camino de los Indios. Como dixo Cipriano Castro?: «a pegada insolente do estranxeiro, a pegada insolente do español invasor, xamais puido pasar por ese vieiro!», por ese camiño.

Penso que até toparon restos humanos aí, ou restos de artesanía indíxena, por iso o chaman Camino de los Indios — e o outro, Camino de los Españoles. Mais este aquí era o camiño de Guaicaipuro. Por aí non pasaba español ningún, ou, mellor, por respeito á España de hoxe, debemos dicer: imperialista nengún. Por aí non pasaba imperialista nengún.

Nos camiños de Guaicaipuro, o camiño do ceo, hai sete escalóns que se ven ben claros do ar. Entón, lembro que falamos como de boa sería esa zona para sementarmos cítricos, porque aí é que se dan os cítricos, as flores e até un terrazo para a zona industrial. Onde está a zona industrial? Viron o terrazo? Non hai. Iso en Ciudad Caribia. Serei feliz o día que o vexa.

Foi a partir do primeiro día que comezamos alí a entregar casas que debeu comezar todo. Inclusive, unha vez eu propio dixen: por que temos que esperar a estaren prontas as casas, que é un proceso máis longo? Estamos a facer o distribuidor, a vialidade, que é un esforzo ciclópeo aí en Ciudad Caribia. Mais, entón, por que esperarmos a terminar iso todo antes de plantarmos as arboriñas, os viveiros para os cítricos, para as flores, agricultura urbana, tubérculos?

Alí preto tamén está Carayaca. Unha vez camiñamos e chegamos a Carayaca, e de aí á Escola Naval, por tras, pola parte do quinteiro. Non ten nin unha hectárea, non é? Lembro unha ocasión en que estaba con présa e pasei por aí, pola autoestrada Caracas-La Guaira. Tiña entradas e camiños aos dous lados. Vaian por alí para veren. Eu fun e vin semente de tomate, e tamén un home utilizando unha motobomba, e pregunteil-


PLAN SOCIN - LAS MINAS - EL VALLE
PROYECTO LAS MINAS I
TERRAZA START
TIPOLOGIA ARQUITECTONICA
VLVM-04



le: «de onde é que vostede tira a auga?» «Alí do fondo da quebrada, á man dereita entrando, dunha entradiña desas». Vin campos sementados de mangas, mangas grandes, e cría de polos nun pedazo de terra, e pementos, etc. E preguntei ao home: «e quen é o propietario diso todo?». «É fulano». «E canto che paga?». «Ben, ás veces pagada, ás veces non». Viron? Explotado! Son pequenas facendas.

Hai pouco que inauguramos a estrada Mamera-El Junquito. Díganme se viron alí a primeira facenda colectiva. Lembro que fun pola zona hai ao redor de tres anos e o primeiro pensamento que tiven foi: que potencial tan grande! Que territorio tan lindo. Que outeiros! Que clima tan marabilloso! Terminamos a estrada e non hai nin unha soa unidade produtiva criada por nós.

Consideramos que a estrada é o obxectivo. Será que o camiño de ferro é o obxectivo? Será que a estrada é o obxectivo? Ou mudarmos toda a relación xeográfica, humana, socioterritorial e cultural das súas inmediacións ao longo dun eixo? Isto é, verdadeiramente, o obxectivo. Mais, ás veces, non queremos entender. Ás veces non. Case nunca entendemos.

O OBXECTIVO É O POVO

Lembras, Jacqueline[8]? Hai así como cen anos, ti eras presidenta de Hidrocapital e eu, vendo a televisión, vin que estabas na Cota 905, lanzando unha tubaxe de augas. Chameite — case nen te coñecía — e díxenche: doutora enxeñeira Jacqueline: cal é o proxecto de acompañamento do eixo do tubo? Ou é apenas o tubo? E esas facendas que están aí, ninguén as ve? O obxectivo é o tubo? O obxectivo é o oleoduto? Ou é un instrumento? O obxectivo é a estrada?, insisto.

Nunha ocasión viñamos con Carrizales — lembro que el era ministro do Transporte e das Infraestruturas — de Elorza rumbo a Mantecal nuns helicópteros, e vin que estaban a traballar alí embaixo nas estradas. Díxenlle: imos aterrar aí, entre Mantecal e Elorza. Preguntei aos traballadores: «onde é que moran vostedes?» Responderon que moraban en Mantecal e en Elorza. Cantos tiñan casa propia? Case ningún. Que tipo

8 Jacqueline Farías, xefa do goberno do Distrito Capital. N. dos T.

de morada tiñan? Unha facenda. Vou facer outro esquema: aquí está Elorza, aquí Mantecal e aquí a estrada. Quilómetros, milleiros de hectáreas son cruzadas por esta estrada, e resulta que os propios traballadores que constrúen a estrada nen teñen morada.

Preguntei aos enxeñeiros cantas casas cabían dentro dunha hectárea. Imaxinade dez hectáreas, 800 vivendas simples, que non son edificios nen nada que se lles pareza. Entón, aproveitando o impulsionamento — como se di — aproveitando a maquinaria que vai pola estrada, os millóns de bolívares, os técnicos, os enxeñeiros, os mesmos traballadores que nen teñen morada terían feito aquí unha urbanización para os obreiros que traballaron na estrada.

Non é o mesmo que terminar a estrada e deixar os traballadores á espera de que se estrague para traballaren novamente sobre ela. Así é que se lles vai a vida: rodeados de terra por toda a parte, terminan a vida sen morada e deixando os fillos sen ela. E non só a vivenda. Eu faría con esta poboación de dez hectáreas e con cen hectáreas máis gandaría e agricultura. Saben vostedes, do punto de vista do capitalismo, a quen beneficia máis a estrada? Pois ao latifundiario, que agora vai poder tirar máis gando de cada vez e baixar os custos.

O pobre talvez se beneficie porque, se tiver bicicleta, un ferro-vello, poderá andar de bicicleta pola estrada para ir a outra vila, ou camiñar pola estrada. Ese é o beneficio que trae para o pobre, para o explotado. En troca, quen tiver unha facenda, unha propiedade e uns camións, resulta beneficiado un millón de veces máis do que o pobre. Entón, coa estrada, do punto de vista tradicional, o que estamos a facer é alargarmos a fenda, e non sabemos moitas veces cal debe ser, pois, a fórmula.

O que estou a facer é dar unha orde con estas reflexións, para arrumaren as cousas con quen traballa e para traballarens a serio en equipa, e para se comunicaren e para lle darmos o máximo valor adicional a todo, por máis pequeno que for aquel proxecto alí, nunha aldea de Mérida. Se isto for un criadoiro de troitas, debemos pensar o que hai alén. Por máis pequeno que for, é preciso dármoslle ese carácter.

Penso que estes anos temos acumulado experiencia, e temos criado entes que antes nen existían. Penso que temos acumulado recursos e in-


Planta Procesadora
de Frutas Mene Grande
Vista Aérea Planta
MENE GRANDE
Capital



xectado recursos, e continuaremos o traballo. Penso que temos uns novos códigos; unha nova arquitetura legal, xurídica, a comezar pola Constitución. Temos leis de consellos comunais, leis de comunas, economía comunal, as leis dos distritos motores de desenvolvemento; mais non fixemos caso desas leis nen nós, que somos os primeiros responsábeis polo seu cumprimento. Espero ver respostas a estas reflexións e a esta autocrítica pública que estou a facer.

MAIOR EFICIENCIA PARA MELLORES RESULTADOS

A vostede, querido amigo, ministro, ministra, que non quixer traballar acompañada, ou que gostar de traballar a soas, para facer o que manda a lei, digo: niso non teño contemplación. Non debo tela absolutamente con ninguén, porque ás veces tamén hai ciúmes. Hai ministros ciumentos, ou vice-ministros. Vostedes deben informarme, non ficar calados. Se alguén de vostedes vise que nalgún ente, nalgún ministerio, se están a criar eses coutos encerrados, díganmo. Eu teño o poder da Constitución, que ningún de vostedes ten. Mándolles un mísil. Vostedes non poden facelo, mais eu podo. E fágoo con gosto, acrediten.

Triste sería que ficásemos calados para non me chamaren de lanza-pedras. Quen está aquí non é unha crianza de segundo grao da escola primaria. Este é o goberno revolucionario da Venezuela, ratificado polo pobo hai dúas semanas, mais tamén moi criticado polo pobo — e con razóns. Velaí unha das razóns: a falta de eficiencia.

Lin por algunha parte e teño tamén comentado — mais xa van varios consellos de ministros, varias etapas, e talvez algún de vostedes aínda non me ouviu dicir isto, ou talvez xa o saiban mellor do que eu propio —: unha equipa que non se comunique ou unha equipa que se comunique nun nível moi baixo, non vai dar.

Necesitamos un nível de interacción, de comunicación, de coordinación, de cruzamento de planos, de diagnóstico, de problemas, de acción conxunta. É como unha guerra: o que podería facer a infantaría a soas, sen nós, os tanques? E que iriamos facer os tanques sen a infantaría, ou a mariña sen o exército? Que fai o macho a soas ou a femia a soas, ou a noite a soas ou o día a soas, ou a raíz a soas ou as ramas a soas? Non somos

nada sen integración na visión, no traballo. Sen isto todo, dificilmente o iremos conseguir.

Por iso, pídolles, a Nicolás agora que asumiu a vice-presidencia, e aos ministros e ás ministras que están a chegar, aos que van e aos que fican, un esforzo maior neste sentido. Vou tamén facer a miña parte: maior relacionamento en todos os planos.

REFORZAMENTO DO SISTEMA NACIONAL DE MEDIOS PÚBLICOS

Outra crítica. Espero que ninguén se sinta mal — non vou nomear ninguén — mais estes días, como sempre, estiven a asistir a televisión. Vexo algúns programas da nosa canle, a canle de todos os venezolanos, e continuamos aferrados a aquilo que xa pasou, inclusive dando voz a quen xa case nen ten nada a dicir ao país, pondo vídeos onde fulano di tal cousa. Será que iso é o máis importante neste momento? E a xestión do goberno? Por que non facer programas con traballadores? Onde haxa autocrítica. Non teñamos medo da crítica, nen da autocrítica. É iso que nos alimenta. Precisamos dela.

Imaxino, por exemplo, a miña querida Vanessa na fábrica de Copelia, falando con máis tempo, cuns peritos, dedicándolles unha hora. Imaxino o meu querido Mario alí na fábrica de Cerro Azul. Non importa que sexan as once da noite, tanto fai, entrevistando traballadores, ouvindo, camiñando pola fábrica, vendo o cemento, mostrándoo.

Non chegan estas catro horas aquí, un sábado. Iso require un plano sistemático, permanente, continuado, etc. E non só na canle 8, non: en todas as canles. Eu vexo poucas veces TVes, que ten bos documentarios, e ViVe; mais penso que cada quen vai pola súa parte. Verdadeiramente, non temos, aínda que falemos diso, un Sistema Nacional de Medios Públicos. Non temos mesmo.

Ernesto[9], convértete ti no líder dese sistema. Créao. Imos crealo. Que

9 Ernesto Emilio Villegas Poljak, nomeado ministro do Poder Popular para a Comunicación e a Información, de outubro de 2012 até agosto de

inclúa, como sistema, finalmente, a súa conexión con outros sistemas ou subsistemas, medios comunitarios, medios populares de comunicación, o caso da corneta co cabalo que eu poño, as televisións rexionais, os xornais rexionais, internacionais, Telesur. Porque, na actualidade, cada un vai polo seu lado. Esa é a verdade.

Teño a certeza de que é iso o que acontece: non hai un Sistema Nacional de Medios Públicos. Non o temos. Creémolo! Temos os instrumentos. Aquilo que precisamos é máis vontade e, talvez, probabelmente, máis capacidade. Atrevámonos. Fagámolo. É necesario.

2013. N. dos T.

Esta edición foi rematada
en Vigo - Galiza
en 1 de marzo de 2014

EDITORA CONTRAPODER

mardeLumes
Comité Galego de Solidariedade Internacionalista





Levamos 500 anos aquí.
E nunca calaremos.

Hugo Chávez
1954-2013